

## PEZA DO MES

novembro

2001



## CAPITEL DE VILANOVA

VILANOVA DOS INFANTES (CELANOVA)  
SEGUNDO TERCIO DO SÉCULO X  
GRANITO  
32 X 25 X 25 CM  
Nº Inv. 14

ESTE CAPITEL E OUTROS ELEMENTOS ARQUITECTÓNICOS, RESTOS DO DESAPARECIDO MOSTEIRO DE VILANOVA DOS INFANTES, OFRECÉNS UNHA IDEA DA TRANSCENDENCIA DO CONXUNTO.





### CAPITEL DE VILANOVA

A reforma monástica levada a cabo por San Rosendo e a política de integración e repoboación iniciada por Afonso III, reforzada medio século máis tarde dende a corte leonesa, vai propiciar a creación no noroeste peninsular dunha arte cunha linguaxe diferente. Estas novas formas plásticas foron definidas por primeira vez a principios de século por Gómez Moreno, como a arte realizada pola minoría cristiá que, formada na tradición musulmana, fuxira ó norte despois da primeira persecución cordobesa. Na actualidade, os historiadores son conscientes que a arte do século X é sobre todo integradora, o que se manifesta na pervivencia dun pasado hispanogodo que lle transmite unha personalidade individualizadora, o que non implica unha ruptura coa tradición visigoda e incluso hispanorromana; isto maniféstase na recuperación e restauración de templos abandonados, reu-

tilizando e copiando o que tiñan ante os seus ollos.

A partires desta reflexión, algúns autores propoñen diversas denominacións para complementar e precisar o termo “mozárabe”; así temos “arte da décima centuria”, “arte da repoboación”,... incluso en rexións como Cataluña algúns autores denominano “art prerromanic” rexeitando os termos mozárabe ou carolin-xio.

Neste contexto temos que entender a Vilanova dos Infantes, antiga vila donada por Afonso III ó avó de San Rosendo e confirmada posteriormente ó seu pai. Nela, fóra das súas murallas, Santa Ilduara, fundará un mosteiro familiar dedicado a Santa María, ó que dotou de numerosas posesións que se verían incrementadas coa herdanza de Froila, quen a donou definitivamente ó mosteiro. En 1270, por orde de Afonso X, o mosteiro e as súas rendas trasladaranse a Allariz, non así as súas monxas bieitas.

Abandonado o mosteiro, a igrexa pasa a ser parroquial no século XVI ata que no ano 1614 constrúese a actual igrexa parroquial. Dende entón comeza o seu paulatino deterioro, que ten un trágico final en 1893, cando as súas pedras son vendidas en pública subasta. En 1896, pasan ó Museo, como doazón de D. José A. Queralt, un capitel e dous modillóns.

Non obstante, gracias a estas pezas e a outras que se poden ver na rectoral de Santa María e na antiga casa de D. Darío Gómez, e ás notas



recollidas por López Ferreiro, Ángel del Castillo ou Arturo Vázquez Núñez sobre a súa planta e estrutura, podemos facernos unha idea da importancia que para a arte galega do século X ten o edificio.

Segundo Gómez Moreno, seguindo a descrición que dela fai López Ferreiro, era unha igrexa de planta rectangular e nave única dividida en catro tramos, moi parecida á planta primitiva da cercana de San Martiño de Pazó. O ábside, en forma de ferradura, estaba cuberto por unha cúpula rebaixada semellante á de San Miguel de Celanova, mentras que para o resto da nave podemos aventurar fórmulas visigodas.

Os seus muros, sen contrafortes, eran de pedra ó exterior “pero de ladrillo formando arcos de herradura y dibujos por dentro”, sen dúbida un dos seus elementos máis senlleiros que a porían en relación coa arte asturiana. Vázquez

Núñez, quen a debeu coñecer, completa a súa descrición e dinos que conservaba o arco de ferradura e parte do aleiro cos seus modillóns, sen precisar onde estaban as luces e os capiteis; sen embargo non é arriscado pensar que o capitel conservado hoxe podería soste o arco absidal, sobre todo, se como pensamos o rebaixe lateral é orixinal e non producido, como o queimado que ten dun lado, polos avatares do tempo.

Como ocorre con outros elementos da arquitectura e decoración altomedieval, que evocan o mundo tardorromán, o capitel mozárabe deriva claramente do capitel corintio tardorromán, interpretado baixo o influxo de elementos asturianos, indíxenas e andalusís.

Neste caso, o capitel organízase con dobre coroa de follas, caulículos, ábaco... pero os perfís redondeados da talla e a sensación de bloque apártano, non só da concepción clásica do capitel corintio, senón que o alonxan tamén do xeometrismo tridimensional e da riqueza decorativa dos modelos das igrexas de San Cibrán de Mazote ou os de Sahagún.



## HISTORIA DO MUSEO

No ano 1895, a Comisión Provincial de Monumentos Históricos e Artísticos de Ourense decidiu crear un Museo Arqueolóxico Provincial no que se puidesen conservar tódolos testemuños do pasado histórico da provincia e onde se puidesen reunir os dispersos tesouros que formaron parte do Museo de Pinturas, que a propia Comisión establecera en 1845 e que funcionou como tal ata 1852. O Museo abriu ó público ó ano seguinte, en 1896. En pouco tempo as coleccións crearon considerablemente e fíxose necesario un espazo máis amplo, dando lugar ós primeiros traslados, que por sucesivas desgracias non remataron ata o ano 1951. Neste ano adquiriuse a súa actual sede, o edificio que desde o século XII fora Palacio Episcopal.

## O EDIFICIO

O edificio onde ten a súa sede o Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense, adquirido para este fin en 1951, foi con anterioridade Palacio Episcopal. Edificado no primeiro tercio do século XII polo bispo don Diego II (1100-1132), conserva parte do seu núcleo orixinal. A construción deste núcleo prolongouse ata o episcopado de D. Lorenzo (1218-1248), ó que se lle foron engadindo elementos góticos (torre de Santa María), renacentistas (soportais do xardín) e barrocos (portada, patio dianteiro), conformando un monumento singular, que mereceu a declaración de monumento histórico-artístico por Decreto do 3 de xuño de 1931. Durante toda a Idade Media desempeñou un papel destacado na organización urbana.

## HORARIO DO MUSEO

Aberto de martes a domingo de 9:30h a 14:30h e 16:00h a 21:30h.  
Os domingos só de 9:30 h. a 14:30 h.

### PEZA DO MES:

EDITA: Museo Arqueolóxico. TEXTO: Ana María Veiga Romero. FOTOGRAFIA: Fernando del Río.  
MAQUETA: Araceli Gallego. IMPRIME:A.G. Vicus, S.A.L. DEPÓSITO LEGAL: VG-936-2001



CONSELLERÍA DE CULTURA,  
COMUNICACIÓN SOCIAL E TURISMO

Museo Arqueolóxico



XACOBEO'99  
Galicia



Praza Maior, s/n. - Telf. 988 22 38 84 - Fax 988 22 37 01 - Apdo. Correos 145 - 32005 OURENSE

